

LETRAS GALEGAS 2021

XELA ARIAS

Este ano foi un ano moi especial para a conmemoración do Día das Letras Galegas, xa que a homenaxeada foi unha ex-alumna do noso centro entre os anos 1976 até o 1981.



Foto que
acompaña o seu
expediente
académico
(1976)

Xela Arias (Sarria, 1962-Vigo, 2003),

Xela Arias naceu en Ortoá, Sarria, Lugo, o catro de marzo de 1962. O seu pai chamábase Valentín Arias e a súa nai Amparo Castaño. Nun principio chamábase María de los Ángeles, sería despois María dos Anxos ata que en 1984 cambia o nome polo seu equivalente en galego, Xela, en 1995.

De cativa, con sete anos, foise a vivir a Vigo. Ao chegar ingresou no CEIP Sárdoma-Moledo, que era onde daba clase o seu pai.

Foi nesa época cando gañou o seu primeiro premio literario. Gañouno co relato: *A fraga dos paxaros faladores e a*

Obra

Poesía:

- Denuncia do equilibrio (1986).

fraga leopárdica no VI Concurso de Contos Infantís O Facho. En 1976 ingresou no noso instituto, o *Castelao* do barrio do Calvario. En realidade non lle correspondía este instituto máis veu a el por elección propia, xa que era o instituto da cidade que era mixto. Tivo unha adolescencia rebelde e cando estaba acabando o instituto xa buscou a independencia. Case de inmediato comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia.

Catro ano despois pasou a traballar en xornais coma en *A Nosa Terra* ou no *Faro de Vigo*.

Retoma os estudos en 1991 cursando a carreira de Filoloxía Hispánica. En 1992 casou con Xulio Gil Rodríguez, fotógrafo e profesor, co que creou en simbiose o seu segundo poemario.

Foi poeta, tradutora, filóloga e editora. Traballou durante anos na editorial Xerais. Posteriormente foi profesora de ensino secundario ata o seu falecemento.

- Tigres como cabalos (1990) (en colaboración co fotógrafo Xulio Gil)
- Darío a diario (1996)
- Intempériome (2003)

Prosa:

- Non te amola (2021), postumamente)
- "Que si que si", en *Contos eróticos*. Elas. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 11-23, 1990.

Traducións:

X



- Branco, Camilo Castelo (1986): *Amor de perdición*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Stoker, Bram (2000): *Drácula*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Entre outras moitas traducións

Premios:

- Premio de Tradução Sociedade da Lingua Portuguesa, por *Amor de Perdición* (1986).
- Premio Ramón Cabanillas de Tradución por *O derradeiro dos mohicanos*, (1993).
- Premio de Tradución Plácido Castro 2004 por *O Spleen de París*. (Póstumo).

Ademais de colaboracións en revistas e xornais e en publicacións colectivas.



Pleno extraordinario da Real Academia Galega e acto central do días das Letras Galegas 2021 celebrado no auditorio Mar de Vigo.



LETRAS GALEGAS NO IES CASTELAO

No mes de marzo comezamos coa presentación oficial no noso centro, xa que é o centro de referencia este ano do ano Xela Arias, da programación das Letras Galegas 2021 organizada entre a Xunta, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, a CRTVG e outras entidades que abrangue os ámbitos literario, expositivo, deportivo, musical ou escénico.

Na roda de prensa participaron, ademais do conselleiro de cultura, Román Rodríguez; o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco; o director de Proxección Social a CRTVG, Xaime Arias, e parte da familia de Xela Arias Castaño coma a súa nai, Amparo, o seu irmán Lois, o seu fillo Darío Gil Arias e a súa parella Xulio Gil.



O 16 abril comezou oficialmente os actos de homenaxe a Xela Arias no noso centro. Ese venres descubrimos unha placa que nomea o noso salón de actos co nome da poeta e un verso que encabeza a entrada ao paraninfo. Ademais levouse a cabo un acto onde se presentou o ciclo de conferencias artellado arredor da figura da poeta e onde diferentes expertos falaran desde ópticas diversas da súa obra e persoa. Neste acto participaron o secretario xeral de Política Lingüística, a delegada territorial da Xunta, familia de Xela Arias xunto ao noso director Marco Veiga, a profesora e amiga de Xela Arias, Mónica Soto e alumnado que participou lendo obras da autora.



E finalmente o propio día 17 de maio, o acto central da Xunta de Galicia desenvolveuse no pavillón do noso instituto con todas as autoridades, incluíndo ao presidente da Xunta e o presidente da RAG, familiares, docentes e corpo directivo do IES Castelao. Nas intervencións sinalar á do fillo de Xela Arias, Darío, e a da nosa compañeira docente de galego Mónica Soto. Que mellor fin de festa para este ano tan especial.



E xa logo nas redes a través da canle da Real Academia e do Museo Gaiás de Santiago, o noso alumnado e profesorado participou nunha serie de achegas da autora desde testemuños persoais até lectura de poemas. Estes son os enlaces para que poidades gozalos.

1. Aitana Avendaño e Carolina Mariño recitan o poema "Son augas" (1987) de Xela Arias xunto a Lucía Navarro, encargada de expresar os versos en imaxes.


https://www.youtube.com/watch?v=VS_VP3AzZMA



2. Participación coa Cidade da Cultura para celebrar o Día das Letras Galegas. Alumnado do equipo de Dinamización do centro participou nunha lectura compartida e posterior reflexión con alumnado do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, a través dunha videoconferencia entre os

dous centros e o Museo Centro Gaiás. Este encontro virtual estivo conducido pola poeta Nuria Vil.

https://www.youtube.com/watch?v=aMi_IFzA2NM



3. Participación do profesorado, nomeadamente de Ramón Nicolás e Mónica Soto

<https://www.youtube.com/watch?v=0wAUJB4aqA8&list=PL2zWGrwz62banCOgyj-41ju6N7iUI5Pfi&index=12>

<https://www.youtube.com/watch?v=dGcm6YcNzc&list=PL2zWGrwz62banCOgyj-41ju6N7iUI5Pfi&index=15>

CICLO DE CONFERENCIAS E ACZUACIÓNS ARREDOR DA POLIÉDRICA XELA ARIAS CASTAÑO

Logo da inauguración do día 16 destas conferencias e a descuberta da placa de Xela, entre o día 19 de abril e o 21 de maio pasaron polo IES Castelao as seguintes personalidades para achegar o seu relatorio:

- Ana Iglesias: “XELA ARIAS A TRAVÉS DE NON TE AMOLA!”



- Manuel Bragado: “XELA ARIAS, UNHA PERSPECTIVA PERSOAL”


- Ana Luna: “XELA ARIAS TRADUTORA”



- Yolanda Castaño: “XELA ARIAS, POETA”

- Emma Pedreira: “XELA ARIAS: ÁS PALABRAS Á INTEMPERIE”

- María Xesús Nogueira: “XELA ARIAS E A CREAÇÃO POÉTICA”



Coma outros anos, tivemos o pracer de desfrutar da actuación teatralizada da vida e obra do aut@r correspondente do Día das Letras Galegas interpretada por Serafín Marcos. Este ano por causa especial a homenaxe foi dobre: a Xela Arias e mais a Ricardo Carvalho Calero.

- “DE CARVALHO CALERO A XELA ARIAS”



Durante o tempo que tivemos as conferencias puidemos visitar no noso centro a exposición: “AQUELA NENA DE SARRIA... XELA ARIAS” e ter a un dos seus autores para que nola explicase.




○ ALUMNADO E XELA ARIAS CASTAÑO

Escollemos na revista para vos mostrar o traballo que fixo o alumnado coa obra de Xela catro traballos ben diferentes e, á vez, multidisciplinares. O primeiro relaciona poesía e fotografía, a poesía de Xela e a fotografía das e dos nosos artistas do IES Castelao. O segundo une poesía nas letras das cancións que Xela fixo para o grupo Desertores e música. O terceiro une a palabra de Xela e a expresión artística plástica. E o cuarto nos leva a un texto moi especial onde se une vivencia persoal e obra da autora. Todo beleza!

1. Poesía e fotografía:

Do xeito en que me sinto quen de amarte
parte un vagalume
de como non quero estudia-lo feito sublime
enteirarte do vendida que estou á túa man
regresan as moscas
facerme preguntas
pois hai cousas das que só a noite entende
verbos consagrados á ignorancia do control
e é aí onde de certo te atopo
xa sen dolor dos días que dudo saber
ou querer facer para ti e te amo



Uxía Prieto, 4º ESO

VIDE.

Convíдовos ó espectáculo de non ser para ser todo.

Vide que vos convido

a vos ver.

Ven que te reto

a ter ver ti a ti desde ti en ti.



Judith Rodríguez, 4ºESO

2. Poesía e música:

Do álbum escollemos unha canción que vén acompañada dun QR para que a poidades escoitar. Ademais o alumnado de 3ºESO E tivo a oportunidade de recibir a Humberto Díaz “Heredia”, compoñente do grupo Desertores e facerlle unha entrevista para falar sobre Xela Arias e as cancións que fixo para o grupo. Na revista seleccionamos algunhas desas preguntas.

1. Montse: Como coñeces a Xela Arias?

Xela Arias era amiga da adolescencia do meu irmán dende que tiña 15 anos. Continuaron con esa relación de amizade ela saía co meu irmán e con outros amigos en pandilla. Máis tarde empezamos nós co grupo. E eu tamén saía con eles ás veces: indo á praia ou saíndo a tomar copas. Había un sitio mítico naquela época que se chamaba o Kremlin, eu penso que estiven algunha vez con Xela e cos meus amigos e co meu irmán alí.

2. Montse: Como era ela como persoa e como artista?

Como persoa non é que a coñecese moito. Polo que din os que a coñeceron, como o meu irmán mesmo, podo dicir que era un pouco introvertida e tímida. Era una persoa que gardaba moito as palabras pero cando falaba o facía moi ben, de feito, sorprendíache. Non era unha timidez que impedise relacionarse, era simplemente una persoa reservada.

A nivel artístico, incluso a nos mesmos sorprendeunos que tivese esa calidade de escrita. Non só cos tema das letras que nos fixera para os discos de “Desertores”, senón que incluso a súa actividade literaria. A edición do poemario primeiro *A denuncia do equilibrio*, cando tivemos ese libro nas mans, dixemos: “Jobá, Xela isto é bastante diferente”. Eu tamén estudei Lingua e Literatura Galega e tiñamos que ler os versos de autores máis clásicos, pero ela era como algo novo, falaba de outras cousas.

3. Dylan: Como xurdiu a idea de poñer música aos poemas de Xela?

Foi a través desa amizade que ela tiña co meu irmán. Eles nalgún momento faláron diso e a ela pareceulle ben e empezou pouco a pouco. Ela fixo letras para nós. Estas letras están feitas para ser tocadas por un grupo, que naquel momento eramos nós. Non eran uns poemas que ela escribise, digamos, para facer unha recompilación. Eu acompañeina a ela ao Instituto de Coia para facer un recital. Iso non estaba escrito para ser musicalizado. Pero todas as letras que fixo para nós eran para facelas canción. Falabamos de que tiñan que tener certo tipo de estrutura formal para que puidese ser musicalizada porque non é o mesmo un verso dun poema que o retrouso dunha canción.

4. Luis: Custouvos moito recrear as letras de Xela?

Pois non custou moito, a verdade. Crear unha canción sempre ten traballo pero xa viña o traballo feito. Xela xa sabía o que tiña que facer, sabía que tiña que escribir algo rítmico e algo un pouco regular cunha estrutura máis ou menos acorde co que é unha canción. Ela sabía que eses versos eran para facer unha canción, non eran para ser editados nun poemario.

5. Irene: Cal é a canción do disco de Desertores que máis che gusta?

As letras gústanme todas ou case todas, home! Teño cariño a “O desertor” porque era como algo xa escrito para nós e ten unha letra moi bonita e moi especial, como querendo saír do sistema establecido, querendo escapar de cousas demasiado institucionais. Xela era así, unha muller libre, diferente, que non estaba adscrita a ningún movemento e non pertencía á marxe que a sociedade establecía. De feito, non era normal que unha poeta compuxese cancións.

6. Area: O noso traballo xurdiu porque as letras das cancións non se podían atopar en ningún sitio, por que non poñedes as cancións con letras no vídeos de YouTube?

Esta é unha boa pregunta. Podo anticiparvos que estamos falando con Xerais, a editorial onde Xela traballaba, para facer un libro-disco, no disco estarían todas as cancións que ela compuxo. Tomarei nota diso que me comentades. Ata eu tiña que darlle para atrás para saber que dicía a letra porque xa non me lembraba dela.

7. Area: Que instrumento tocabas no grupo?

Eu toco a guitarra eléctrica. Meu irmán tocaba o baixo, el foi quen coñeceu a Xela con 15 anos.

8. Dylan: Seguides compoñendo e actuando na actualidade?

Hai cinco anos volvémonos xuntar e tocar de cando e vez. Compoñer xa non o facemos tanto.

9. Alba: Seguides sendo os mesmos compoñentes ou foi variando a formación?

A formación non foi variando moito. Se cadra algún instrumentista, como o batería; pero en xeral o núcleo da banda seguimos sendo os mesmos: o meu irmán; o cantante, Valerio e eu. Ao principio de todo non estaba Valerio, cando aínda non graváramos nin sequera, alá polo ano 1986 ou 1987. Daquela incluso fomos a acompañar a Xela a un festival da poesía en Porriño coma un trío, sen cantante. Ela recitaba en galego e nós a acompañabamos musicalmente, faciamos como unhas *performance*.

10. Alba: Qué tipo de música facedes agora?

Seguimos facendo a mesma música, pero ao madurar melloras en moitas aspectos: a interpretación, as cancións máis estruturadas, a música, a melodía, o ritmo e a harmonía. Onde estamos traballando máis e no que son os arranxos.

11. David: Puideches vivir da música ou tiveches que combinar con outro traballo?

O certo é que só viven da música os cantantes con moito éxito e que gañan moitos cartos cantando. Nós temos outros traballos aparte de tocar. Tocamos en eventos e sacamos dous *singles*, pero iso non dá para vivir.

12. David: A nós gústanos moito o trap, o reggetón, rap... Que pensas deste tipo de música?

O reggetón en xeral non me gusta pero hai algunha canción como “Despacito” que si recoñezo que está moi ben feita. O trap escóitoo de vez en cando, non me disgusta, non é o meu tipo de música favorito, pero escóitoo porque os meus fillos de 18 anos o escoitan. Gústame algunha canción, pero tamén depende da letra. Non me apasiona, pero tampouco digo que é unha merda. Agora o trap é querido pola xente. Antes houbo outros estilos de música mal vistos, coma o propio *rock and roll*, que foron evolucionando, madurando. Isto pode ser o que lle suceda á música actual.



EL DESERTOR

Soñé un día que venías,
capitanes las miradas,
que venías y abrazabas
mi cuerpo y sus heridas.

Seré un desertor
de tu vida y mi salud.
Cuando la casa eran ventanas,
ayer la fiesta, azules.T
e buscaba en cada cita
te aguardaba,
te aguardaba.

Seré un desertor
de tu vida y mi salud
Veo que me miras y ya no puedo ver
mis ojos empañados y yo me cegaré.

Seré un desertor
y yo no puedo ver
mis ojos empañados
y yo me cegaré.

Canción transcrita por Montserrat Almuiña Álvarez


seré un desertor
seré un desertor
de tu vida y mi salud.
No sé, en verdad no sé
cómo atiende a tu llamada.
No sé si hubo un tiempo bueno,
si atravesé la temporada.
Seré un desertor
de tu vida y mi salud.
Camiones atraviesan la calle,
otra mujer, otro bar,
las caricias de mirar
que aún me podías dar.
Seré tu desertor
de tu vida y mi salud.
Veo que me miras



3.Poesía e artes plásticas:








4. Creación

Xela Arias



A mañá do 24 de xaneiro do 87 era como outra calquera, o son dos tacóns da miña nai que indicaba que xa eran as 8:05 e que chegaba tarde ao traballo, o primeiro espertador da miña casa xa comezará a soar, logo as carreiras matutinas do meu irmán que percorrían o corredor dun lado cara ao outro, unha e outra vez, o cal indicaba que a súa adolescencia estaba en pleno auxe e polo tanto, importáballe ben pouco se o seu irmán estaba a durmir ou non. Este feito marcaba as 8:20, e para finalizar, a ventá diante da miña cama permitía a entrada dos raios de sol que me terminaban de espertar ás 8:25. Acto seguido empezaba o meu día, fun ao baño e intentei mexar, pero para miña mala sorte, estaba nun dese días no cal o meu compañeiro mirábame e dicíame que vas facer agora, xa non tiña tempo así me que sentei na cunca do váter e fixen unha forza de 0,8 atmosferas coas mans para poder mexar dentro del, ao mesmo tempo que impulsaba con forza o chorro do mexo para que saíse, acto moi desagradable e que rompe co estereotipo de que os homes só podemos facer unha cousa á vez, xa que como deixes de facer presión coas mans fas unha pintada en todo o baño que con 18 anos que teño, xa non hai unha escusa sostible para contar aos meus pais. O resto da mañá continuou de forma homoxénea almorcei, vestinme e fun á clase. A primeira hora tiña galego, o profesor tiña que falar comigo sobre un traballo que quería que fixese por faltar máis da metade das horas da primeira avaliación. Non era de estrañar en min, a diferenza dos meus compañeiros, eu era monolingüe en galego e, polo tan, podía permitirme faltar a clase sen que a miña nota baixase do 10. As instrucións do profesor foron moi sinxelas, se quería seguir faltando a clase e que a miña nota non se vise prexudicada por iso, tiña que ler un libro dunha nova poeta (Xela Arias), tiña que ler *Denuncia do Equilibrio* libro co cal foi finalista do certame Antón Losada Diéguez.

Cando cheguei a casa tirei o libro na cama e fun directo á cociña, ía aproveitar que a miña nai non estaba para facerme un bocadillo de chourizo e nocilla. A ela non lle gustaba que fixese esas combinacións estrañas e sempre que me vía comer oreos con xugo de laranxa, flocos de millo con kétchup, aguacate e mel, pizza con banana... enfurecíase moito. Así que, unha vez feito o meu bocadillo fun cara á sala ver o Xabarín Club, xa que era a hora dos *mosqueperros*. A canción comezou a soar “uno dos e tres son os famosos mosqueperros o pequeno D` Artacán sempre vai con eles”, nese intre atopábame nunha nube, xa que despois de moito tempo ía poder comer o meu bocadillo favorito vendo a miña serie preferida e, nese momento, cando os meus dentes perforaban con forza e saña o bocadillo entrou a miña nai na casa e, como se fose por bendición divina, foi correndo á sala e quitoume o bocadillo das mans, ao mesmo tempo que me dicía: “Ti non tes que facer un traballo pois xa sabes, a

facelo". Eu asentín e fun cara ao meu cuarto, collín o libro e comecei a ler. A poesía non é o xénero literario que máis me chame a atención pero como é un traballo, imposto polo profesor, non me quedou máis remedio. O primeiro poema pasou suave e coidadoso pola miña lingua, o segundo foi un pouco máis lento... o décimo aparecíame de forma intermitente e o undécimo poema atraeume tanto, que o apertei con forza contra a almofada e a miña fazula. Á mañá seguinte descubrín o regalo que lle fixera ao libro, unha poza inmensa de saliva que inundara as páxinas. Levanteime da cama e puxen o libro no tendal para que secase mentres eu almorzaba e me vestía. Hoxe 25 de xaneiro era o aniversario do meu avó, e iamos a celebralo con el, o traxecto ata miña aldea era longo mais a repetición dos ano terminou por convertelo nun traxecto livián e prematuro. Sempre chegabamos á hora de comer, aínda que sempre chegabamos tarde, a comida acostumaba ser sempre a mesma: polo asado de granxa, con patacas fritas e bacallau para quen no quixese polo. Pero para a miña sorpresa, hoxe, ademais, a miña avoa fixera unha tortilliña con cebola e pementos de padrón, uns pican e outros non, xa o di o dito. Despois de ser cebado como un porco antes de ir ao matadoiro, cousa habitual se vas comer a casa de calquera avoa, saín a dar un paseo polo monte como me gustaba facer cando era pequeno. A saída da porta principal da casa daba ao eido, unha vez alí, tiraba cara arriba. A medida que me afastaba, o destino final da miña camiñada facíase visible, a pedra do defunto. É unha pedra ancha no inicio que se vai estreitando a cada paso ata acabar nunha punta fina coma a dun alfinete. A metade da pedra asoma sobre o precipicio e dende alí, pódese contemplar todo o pobo. Segundo me contara a miña nai, un pirata roubara a galeóns españois e fuxira co tesouro á Serra do Suído. Alí, conta a lenda que namorou dunha moza de ascendencia labrega, casaron, tiveron fillos e viviron dun xeito humilde. Despois dun tempo, o pirata quixo compartir a súa riqueza coa súa muller e levouna á pedra para amosarlle o lugar onde gardara o diñeiro. O pirata indicoulle o sitio, a muller desprende a felicidade por cada poro do seu corpo e, esbozou a súa alegría cun brinco de vitoria, por saber que os seus fillos non ían pasar fame, en cambio, a alegría durou ben pouco, pois a muller escordou o nocello ao caer, facéndoa inclinarse cara a un lado da pedra ao bordo do precipicio, o que fixo que caese ao baleiro. A miña nai, díxome, que despois dese acontecemento, o pirata non volveu ser o mesmo, que pasou toda a vida camiñando sen rumbo e que terminou morrendo de pena.

Ao chegar sentei con coidado e empecei a contemplar o pobo, pensado na historia, se era verdade, se era mentira, onde escondería o tesouro. Máis un fulgor neuronal provocoume un estado de mente en branco que deixou paso ao recordo dun poema lido e *Dennuncia do equilibrio*.

Ignoro que lugar é este onde me atopo
cos meus ósos e os silencios das palabras.
Detesto esa voz que vén tan alta
coa que persegues da miña morte detalles.
Só teño para ti xestos primarios.
Despedazada, outros xa van gastados.
Un día tiven desexos e cumprinos,

na roda da fortuna xoguei con talla,
Se xa só teño necesidades, ¿que dis ti
entre esas frases? É doutro de quen falas

Agora que volvera a recorda o poema, aparecía ante min o segredo da adolescencia. Un vicio cíclico de necesidades primarias e prantos en silencio, unhas necesidades insaciabes, que inundaban cada glóbulo vermello do teu organismo coma unha praga e, onde os glóbulos brancos no poden facer nada. O teu corpo, o teu mundo, desmorónase e vólvese a construír unha e outra vez. As túas prioridades soben e baixan como unha montaña rusa, o que hoxe e bo mañá deixa de selo. O túnel sempre é escuro, e cando ves luz, sen sabelo, buscas a maneira de tapalo, coa falsa ilusión de Hércules e que podes con calquera cousa sen axuda, sen darte conta, que iso é una mentalidade dexenerativa, que fai máis negro o teu camiño. Porque na soidade só está a penumbra máis escura. A voz soante enriba de ti rápido esquécese do bo, pero repara con fulgor nos malos acontecementos. Non é que teñamos un vicio, non é que nos guste o baño, o dormitorio... e que alí, durante uns minutos somos felices, esquecémonos do mundo e sé existimos nós, non compito con ninguén, non prexudicas, non molestas, só estás ti, e alí, por fin ves a luz. Non hai mellor máquina que o noso corpo por iso, sempre nos dá unha saída, unha vía de escape, un respiradoiro polo cal sobrevivir. Por iso, a min deume Turquía e os implantes capilares.

Cando volvíñ á casa dos meus avós xa era hora de marcharnos. Cando chegamos á miña casa, fun correndo polo libro, xa estaba seco de babas, e continuei a miña lectura cunha predilección asombrosa. Antes de que cenaramos, eu xa terminara o libro. O día seguinte era sábado, e eu dispúxenme a buscar a información sobre a vida da Xela Arias, e así foi. Xela Arias nacera en Lugo o 4 de marzo de 1962 e a parte de escribir poesía tamén era tradutora. A principios da década, comezara a escribir en periódicos e revistas como por exemplo *a Nosa Terra*, *quen fora o órgano difusor das Irmandades da fala da Coruña*, *o Faro de Vigo*, *Diario 16 de Galicia...* e ingresara na Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. Xa non había moita máis información así que decidín deixalo por resolto e fun cara á casa a botarme un pouco na cama; pode parecer sospeitoso querer ir á cama a durmir ás 12:00 dun sábado, sen ter saído de noite nin ter resaca. O problema é que teño unha enfermidade moi estraña denominada Huntington Recklinghausen a cal prodúcame un cansanzo perpetuo durante todo o día.

A barba crecérame, a voz cambiárame, a altura, a mesma grazas a deus, o corpo foras fortalecido por horas interminables no ximnasio, o meu pelo agora longo era recollido por unha coleta alta, a miña faceta de estudante xa acabara. Agora era repoteiro, e mañá, faríalle unha entrevista a Xela Arias, nove anos despois de ler o libro que tanto me gustara. Eu non perdera o tempo, pero ela tampouco se quedaba atrás. En 1983 gañara o premio Ramón Cabanillas por: *O derradeiro dos mohicanos*, ademais publicara dous libros de poesía máis, *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*, con eles xa facía una obra de 3 libros poéticos e una inmensa achega de traducións. En 1991 retomara os estudos cursando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués.

A entrevista foi breve, tratei de ser claro e directo, tanto eu como ela pasabámolo moi ben, e desde alí, sempre tivemos moi boa relación. Da entrevista, na miña opinión só podo coller tres preguntíñas como as máis interesantes:

-A túa estética, a túa poética, non coincide cos referentes tópicos da poesía galega de hoxe, non parecen estar aquí as túas principais influencias.

-Se puidese escoller unha reencarnación sería sen dúbida a de Lou Reed en feminino. Creo que hai moitas cousas que valorar e recuperar na literatura galega, pero que tamén chegará o momento en que se pasará da metade do que hoxe temos por clásicos.

-¿E non te sentes «identificada» cunha xeración literaria?

-Pero, ¿onde están? A miña xeración en galego, ¿onde está?

-Poderíamos dicir que pertences á xeración de «Rumble fish» [«A lei da rúa», o filme de Coppola]. ¿Fuches unha adolescente rebelde?

-Si, tiven unha época moi revoltosa. Deixei o título de bacharelato a meu pai na man e díxenlle que quería vivir independente. A esa idade, 16 ou 17 anos, comecei a buscarme a vida. Tiña moi interiorizado o anxeio de independencia. Sorpréndeme hoxe que xente de 20 anos prefira estar na casa. Rebotábame ademais o sistema de estudos, cría que todo o que necesitaba podería aprendelo pola miña conta, e iso, o dos estudos universitarios, si que o boto de menos agora, porque tes que remontar certas limitacións.

O trato que mantivemos os anos seguintes foi de amigos próximos, eu chamábaa para contarlle as miña alegrías, e ela invitábame a comer, e contábame que empezara a dar clase de lingua e literatura; outro día sorprendeume polas costas e entregoume o novo libro que sacara (Intempériome), eu lle levaba chourizos cando faciamos a matanza na casa dos meu avós...

Aínda que me levaba ben, nunca pensei que recibiría unha chamada do seu marido, corría o ano 2004, a noticia atordoume, as pernas falláronme e caín de xeonllos ao chan, o corpo no me respondía, a lingua tateaba noutra lingua, os dentes movíanse sen control, nada tiña sentido. O funeral celebrouse días despois no cemiterio de Pereiró.


Despois da súa morte, o 29 de maio, fíxose unha homenaxe en Vigo, organizada por la Asociación Galega de Editores, a Asociación de Tradutores Galegos... En 2018 a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación creou o Premio Xela Arias que reconece o seu traballo como tradutora, en 2019 a plataforma de crítica literaria A Segra dedicoulle o seu Día das Galegas nas Letras....


Aínda pasaría un longo tempo ata que volvería a escoitar dela. Sería no ano 2021, cando escoitei na radio do coche que a Real Academia Galega acababa de nomear á profesora, editora e tradutora Xela Arias, quen sería a quinta muller elixida pola academia para centrar a celebración do 17 de maio. Neste intre, freei o coche e parei na beiravía, este feito supuxo os bucinazos e levantamentos de brazos dos outros condutores que me precedían, mais eu era inerte, non padecía, un corpo sen alma, sen sentimento. Todo a miña mente, emocións, instintos... estaban nas miñas lágrimas que caían dos meus ollos, na miña boca riseira e nos meus ollos que miraban ao ceo e dicían “merécelo vella amiga, consegues logros incluso morta, espero volverte a ver”

CREACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO IES CASTELAO

Este ano para fomentar a normalización da nosa lingua e as actividades a prol do seu uso no noso centro, creamos un comando ou equipo de dinamización onde participan as seguintes persoas:

- Lorenzo, 4ºB
- Carol, 4ºA
- Lara, 4ºA
- Aitana, 2ºB
- Ainhoa, 1ºb
- Álex, 2ºBACH
- Carolina, 4ºA
- Judith, 4ºA
- Luísa, 1ºB
- Naiara, 4ºA
- Samuel, 3º ESO
- Sergio, 4ºA
- Uxía, 4ºA
- Sharon Natalia, 1ºE
- Iago e Santi de 2ºBACH nalgunha colaboración.





Algunhas actividades promovidas polo equipo son a é a creación dun grupo de música folk no noso centro, o obradoiro de rap e regueifa dos venres no segundo recreo e as reunións dos mércores para ir avanzando ideas e proxectos. Tamén realizamos unha acción poética o día de Rosalía. Agardamos que para o ano poidamos rematar proxectos que quedaron incompletos e comezaron outros novos cunha mellor situación pandémica

GRUPO DE FOLK IES CASTELAO



Formado por alumnado e profesorado do centro, é un grupo en constante crecemento e evolución, xa sexa a nivel de compoñentes, temas e instrumentación. Neste último trimestre está botándonos unha man un ex-alumno do centro, Samuel, feito moi de agradecer. Esta agrupación comezou como unha reunión de xente interesada na cultura galega e en aprender a tocar a pandeireta da man da profesora e alumna de 4ºA, Naiara, e desde ese comezo até aquí, quen o diría. A agrupación xa tivo a honra de tocar no Nadal e na semana final do segundo trimestre para outros compañeiros e compañeiras do centro. E como non, despedirá este curso tan atípico o 22 de xuño, así que non os perdades!

OBRA DOIRO DE RAP E REGUEIFA



Cada venres no segundo recreo Samuel de 3ºESO e a profesora Helena impartían rap e regueifa respectivamente ao alumnado que se apuntase. Un momento da clase.

No segundo trimestre houbo unha pequena batalla de rap entre Samuel e Brais, de 2ºBACH. A cousa estivo moi axustada, veremos en sucesivos encontros.



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



A nosa insigne literata, tivo a súa homenaxe un ano máis no IES Castelao, polo seu aniversario que cadra nun 24 de febreiro de hai uns cantos anos. O alumnado que conforma o equipo de Dinamización foi espallando polas aulas, biblioteca, secretaría, é dicir, por canto recanto hai no instituto, para que non quedase ninguén sen escoitar a súa poesía na voz destas novas xeracións. Sabemos que esa voz nunca se acalará e nós seguiremos recordándoa cada ano e inspirándonos nas súas leccións de vida.



EXPOSICIÓNS

No primeiro trimestre este traballo do departamento de Matemáticas que simboliza a diversidade do mundo e a unión en paz.



No terceiro trimestre teremos varias exposicións:

Esta primeira é do departamento de Plástica, que traballou sobre Xela Arias.





Tamén o equipo de Dinamización Lingüística trouxo a exposición que fala sobre a vida do “vello dos contos” un contador moi famoso nos comezos do século XX, e que dá nome a un concurso de podcast en galego.



Unha exposición de mulleres na ciencia para visibilizar a súa importancia e achegas.



Dende o departamento de historia nos recordan grandes descubrimentos xeográficos.



O alumnado de 1º eso fixo ás súas portadas de cds e ben bonitas quedaron.



OBRA DOIRO DE CREACIÓN

As autoras Lucía Aldao e María Lado no seu libro de poesía Ninguén morreu de ler poesía, invitan ao lector, lectora a que cre os seus propios poemas partindo de versos soltos desordenados da obra poética das autoras. A esta proposta atendeu unha alumna de 1ºESO que conseguiu este poema tan fermoso. Seríades quen vós de facer outro usando os mesmos versos pero cunha orde diferente? Agardo que alguén o tente e nos envíe á revista do ano que vén o resultado.

Meu amor de lingua salvaxe
enganan con voces de serea
e bonito porque che miro e
so che vexo sorrir.

Hoxe estaba eu como unha
pedra que afunde
un sistema nervioso interesadísimo
nos foguetes.

E entón tireiche unha pedra
escribindo unha canción concéntrica
na cestiña da noira

Aquí tan arriba e sen caer
así e novembro coma un barco
droga por nós
coma se lles foses pagar con
verbenas e caricias.

Sofia crego chaves 1ºA

CREACIÓN

UNHA HISTORIA DE MEDO

Esta historia está inspirada nun anuncio do xornal que dicía así: “Carmen, botadora de cartas. Curandeira. Quita mal de ollo”. Coma no seu día fixera Agustín Fernández Paz nos relatos do seu libro *Contos por palabras*, Nerea tamén creou o seu relato a partir dun anuncio.

Aquel verán foi un verán diferente

Eu só tiña dez anos, e estaba moi contenta porque chegaban as vacacións, e ata setembro non tería que volver á escola.

Meus pais como tiñan que traballar mandáronme a aldea cos meus avós. Xa non me lembraba de como era a casa, había un camiño longo e estreito para chegar ata ela, era grande, de pedra do país, cunhas fiestras de madeira de cor verde. O chan era todo de madeira e ao camiñar sobre el renxía. A casa estaba rodeada por moitas árbores e tiña unha gran finca chea de millo; ao lonxe albiscábase un espantallo.

Cando marcharon meus pais fixen un percorrido por toda a casa e tiña a certeza de que alguén estaba atrás miña, pero non lle fixen caso e fun a dormir. A noite caía escura e fun para o meu cuarto, pero cando estaba a piques de durmir, ollei como a porta do armario se abría lentamente. Unhas lixeiras gotas de suor caían pola miña testa, quixen chamar pola miña avoa pero non me saían as palabras.

Finalmente decidín ir ao cuarto dos meus avós pero a porta non se abría, e para rematar quixen abrir a fiestra e só puider ver o reflexo de aqueles ollos negros do espantallo. Volvinme a meter na cama e pechei os ollos, tiña moito medo.

Cando xa era de día conteille a miña nai o que ocorrira e ela fíxome entender que o que pasou foi un soño, porque os meus avós estaban no ceo e fai oito anos a súa casa fora queimada.

Miña nai non tranquila co meu soño, levoume a xunto dunha señora, que lle comentaran que sacaba o mal de ollo. Eu aínda teño vagos recordos, e aínda agora con vinte e cinco anos sigo me estarecendo cando recordo ese soño.

Nerea Bouzo, 1º ESO B.

ENSAIO

Medio Século de 1972

En setembro do ano que vén cumprirse medio século dun feito histórico de Galicia nos últimos tempos: as masivas folgas obreiras que se deron polos asasinatos en Ferrol dos traballadores Amador Rey e Daniel Niebla, a mans da policía.

O que nun principio comezou como unha folga de traballadores (de importantes empresas como Citroën) converteuse nunha folga xeral do pobo galego, que amosaba solidariedade polos despidos ocasionados. Alarmando incluso ao réxime franquista que fixo pechar Vigo perimetralmente.

Nos anos setenta, Vigo era o maior posto industrial galego (polo poder do estaleiro e demais empresas como Álvarez, Citroën...), pero que constaba de moi malas condicións laborais para todos os traballadores.

Estes dous feitos, os asasinatos e a precariedade laboral, engadidos a intencións de rematar contra o réxime franquista fan que algúns traballadores comecen unha folga, que abranguerá as comarcas de todo o país nesa busca de liberdades.

O día 9 de setembro, repártense pola cidade de Vigo unha serie de panfletos que solicitaban o regreso dos traballadores e a detención da folga, pero como non se chegou a un acordo, as empresas procederon a despedir un por un aos folguistas. Asemade serían castigados pola policía.

No 11 de setembro resoan unhas palabras en moitas bocas: “Unidos venceremos”. O pobo galego estaba máis unido ca nunca, todos apoiaban a busca da xustiza para os traballadores. Os traballadores maniféstanse nas portas de Citroën, en sindicatos, na Porta do Sol, amotínanse fronte a Vitrasa... Estaban ocupando a cidade, facíanse notar. Pero estas manifestacións, a maior parte das veces, eran reprimidas pola policía, que contestaba con moita violencia e agresividade. A policía, tanto galega coma brigadas de fóra de Galicia, presionou moito a todos os folguistas, provocando que algúns tivesen que marchar ao monte a refuxiarse para non seren atacados.

Este é un momento no que, de maneira clandestina se forman unhas asembleas folguistas, onde participan membros da UPG ou do PCG, solicitando unha folga xeral de 48 horas, e con devezos de que se coñecese e estendese ao resto do territorio estatal.

Por volta do 16 de setembro un total de 75 factorías están sen traballadores, o número de folguistas alcanzaba os miles, e a metade dos comercios pechaban amosando gran solidariedade cos traballadores -hoxe impensable practicamente-, creando tamén unha especie de “caixas de resistencia” onde os que tiñan recursos apoiaban aos que carecían de salario, dándolles peixe de balde dos mercados, así coma verduras das hortas.

Álex Álvarez Studnicka, 2ºBach.

MICRORRELAZO

Vinganza

Marta tiña partido aquel día. Porén, a rapaza soubo pronto que non o disputaría. A súa moza, Nerea, tiña tamén un exame esencial ao día seguinte, pero sabía que non o realizaría. Ambas tiñan una misión que cumprir, e estaban decididas a facelo.

Todos se estrañaron cando non apareceron: eran rapazas moi responsables. Pero o que ninguén sabía era que sufriran moito. Non podían máis. Quedaron con el no descampado, onde sabían que non habería ninguén. Despois de falar un rato con Carlos, llo soltaron: o cansas que estaban del, dos abusos, das veces que espiaba ao equipo de Marta no vestiario, de cando seguía a Nerea ata casa, do fartas que estaban de que fose un acosador. Seguiron o seu plan e descargaron a súa rabia contra Carlos: déronlle unha malleira, ata deixalo no chan, inconsciente. Fuxiron de alí, intentando ovidar o arrepentimento.

Hoxe viven xuntas e teñen unha vida feliz. Ás veces apénanse polo sucedido no descampado, pero saben que o necesitaban. O que non saben, e que Carlos leva todos estes anos buscando a vinganza, e que está apunto de chamar ao seu timbre e cambiar as súas vidas para sempre... Pero isto é outra historia.

Paula Estévez, 4ºESO

Episteme

Episteme naceu do pétalo dun narciso,
Veuse reflectido no seu espazo infinito
e en causa lanzouse á ferida do instinto.
Xea entregoulle o xerme de lactancia,
e en estancia dotoulle da maior elegancia.
E Prometeo furtou a estirpe do seu nome
honrando ao home saciando a fame
aforcando seu pescozo en freixo e vimbio
Extirpando seu ollo e entregándollo ao pozo de Mimir
e as Nornas fiando o destino do Æsir.
Inmerso no espectro reflexo de Tiamat
atado de pés e mans na profundidade
afogando o hermetismo Sirio en Narmadá.
Espisteme dócil repousando en Asmodeo,
arroubado desgello da luxuria e o desexo
e alcanzando a profilaxe da harmonía
na procura intensa da Eudaimonia.
Episteme descansa calmado na mente dun peregrino,
que na búsqueda do coñecemento,
encerrouse por sempre na loucura do tempo.

Iago García Rodríguez, 2º BACH.

Tempo

O agora non é un cúmulo de tempo,
a ágora do tempo destruíndo
o sentido lóxico da hora.

Clistenes de Atenas purgando o pecado
por crear a oligarquía de templo queimado
escéptico do logos, usurpadores da mente
nilihista de Episteme, pesimistas sen Hermes

Intelixible na mente do que dúbida.

Fragua fervente de xélicas perseidas
pérfidas as agullas a Aión
pérfido Cronos a sazón.

Cuco xa non ten nome, nin voz, nin ás,
Cuco xa non canta, chama ou baila,
aforcando os seus sinais no péndulo
silenciado pola man de Apolo.

$(\partial + m) \psi = 0$ a esencia da súa esencia
incognoscible para quen non ten en mente
o complexo nome de Episteme.

Ai! Peregrino sen pluma nin papel,
que na busca da loucura
alcanzaches o frío do cuartel
con el, a fría dulzura
da dura esencia
do tempo.

Iago García Rodríguez, 2º BACH.

FIBULA MODERNA

LUME

O astuto raposo, desconfiado, acercouse á abrasante chama. As linguas vermellas danzaban na penumbra. Un moucho rubio e negro coma a borralla apagada saíu do lume coma se pertencese a el.

– O que observas é a salvación e a perdición de todos. Podes quentar os fogares dos demais animais ou destruílos – dixo o moucho ante o desconcerto do raposo. – Eu chámolle Lume pois era como se chamaba o primeiro portador.

O raposo non daba crido que o moucho coñecese o seu idioma. O moucho mirábalo moi fixamente, coma se esperara que fixera algo. De súpeto, coma un presentimento, o raposo colleu unha rama dun castiñeiro e espichouno no lume. O moucho sorriu e esfumouse no aire xunto a fogueira.

O raposo, co pau ardente na boca, mirou desconcertado onde antes estara o moucho e descubriu, polas malas, o poder do lume cando este lle rozou no fociño. Con moito tino marchou cara o interior do monte. Para comprobar se o que dixerá aquel moucho tan raro era verdade achegouse a un coello, que roía medio adurmiñado unha raíz, e mancoulle co pau nas costas. Cando o lume empezou a circular pola pelaxe do coello este pegou un berro mentres se retorecía de dor e intentaba fuxir desas estrañas poutas rubias que o aferraban tan forte. Un momento despois morreu e o seu fermoso pelaxe quedou calcinada. Será comestible? Pensou o raposo ao achegarse ao corpo, sen vida, do coello. Polo que respectaba ao cheiro, doce e apetitoso, ben podía selo. Tras un instante de meditación pegoulle unha trabada. Nunca probara nada tan bo. Comeuse todo o coello mentres pensaba que máis podía facer co seu novo xoguete. Foi entón cando o poder se lle subiu a testa. O lume sería tan poderoso que podería matalo todo? Disposto a comprobalo recolleu o pau, que deixara espichado no chan mentres comía, e encamiñouse cara á cova da osa. Cando chegou, rabuñou na entrada da cova e escarvou o chan coas patas traseiras, un tradicional desafío. A osa, que non daba crido que un pequeno raposo fora a desafiala, achegouse ao raposo e este, a traizón, cravoulle a ardente rama na pelaxe. Bufando de dor a osa apagou a chama que recorría a súa pelaxe coas súas poutas e subiu a unha árbore para fuxir dese raposo que portaba un arma tan poderosa.

Mais ao raposo aínda lle quedaban varias cartas por xogar. Colleu e predeulle lume á arbore. O lume, máis grande que nunca, empezou a comerse a árbore pouco a pouco escalándoo coas súas áxiles poutas. Cando chegou a osa este comezou a trabarlle coas súas múltiples fauces ata que esta morreu nun agónico inferno. Poderíase comer os restos da osa máis non o necesitaba, non que va.

Podía comer dez coellos ao día, que dez, cen! O seu poder era case infinito, podía facer o que quixese.

Decidiu ir cara ao seu antigo tobo, que estaba debaixo dun carballo. Fai uns días outro raposo roubárallo e tiña pensado recuperalo. Non por ter un teito sobre a súa cabeza (mesmo podía vivir na cova do oso) senón por vinganza. Meteuse nel máis o seu inimigo non estaba alí. Agardou e cando chegou mancoulle coa rama. O contrincante, que no o vira vir comezouse a retorcerse de dor ao notar as chamas no seu pelaxe e, sen pretendelo, o lume pasou ao

teito do tobo, á árbore, e o lume estendeuse ata cubrir todo o carballo. Mais o portador do lume non se decatara disto, pois observaba diabólicamente divertido como o outro raposo morría a mans do lume. Non foi ata que caeu unha póla ardente a uns metros do tobo cando o raposo decatouse do que acontecera. Saíu correndo do tobo mais a árbore xemeu de dor e deixou caer unha gran pola con linguas de fume en lugar de follas sobre o raposo. Atrapado, o raposo intentou apartar a pola máis estaba atrapado nunha cárcere de madeira, borralla e lume. Impotente o raposo viu como se lle escapaba a vida lentamente sen poder facer nada para evitalo.

Por sorte o lume non se estendeu máis e horas despois extinguiuse. Non quedou máis que unha árbore calcinada e un raposo morto na entrada do tobo.

O home achegouse as lamas alongou as man dereita, mais retrocedeu cando un raposo emerxeu do lume.

– Eu non o faría – dixo o raposo.

O home mirou atentamente a fogueira. O raposo coñecía esa especie de primates. Vivían nas pradeiras nuns estraños niños con teito. Tiñan unha lingua moi rara máis na súa gran e infernal vida aprendera moito, incluído a súa lingua. Nunca conseguira traspasar o seu lume a outro anfitrión. Vagou polo mundo enteiro soportando a cargas das linguas rubias coma unha ardente febre, coma un monte atado aos seus costados, coma un demo trabándoo. Máis se conseguía facer que ese primate collera voluntariamente o poder do lume podería morrer en paz.

– Como te chamas – preguntou o raposo para gañarse a súa confianza.

– Prometeo – contestou o home.

– Eu chámome... Ben, en realidade, xa me esquecín do meu nome verdadeiro. Pódesme chamar Lume.

Prometeo asentiu distraído mentres contemplaba as linguas danzantes.

– Queres o poder do lume? – preguntou o raposo

O home mirou o lume, pensativo, e logo mirou ao raposo aos ollos. Alongou a man ao lume disposto a collelo e saír correndo cando as chamas trabárono.

– E mellor que uses un pau – dixo o raposo ríndose. – Doe menos.

Prometeo colleu unha rama e deixou que o poder do lume traspasarase ata esta. O raposo sorriu e desapareceu. O home, desconcertado, observou como o raposo desaparecía e logo levou a rama ata a pradeira onde vivía.

Esa noite o monte enteiro ardeu e os homes foron a recoller os cadáveres calcinados e déronse un festín. Aprenderon como dominar e a intensificar o poder do lume. Aprenderon a invocalo sen necesidade de usar a chama orixinal, aprenderon a fundir metais con el, deron vida a maquinas grandes e metálicas e incluso saíron da terra con el. Mais co lume tamén mataron centos de montes, fixeron armas letais e envelenaron o ceo. O que unha vez deu alas aos homes algún día daralles un inferno.

PAPIROFLECCIA



Diego Guisande, 1ºBACH.





LEVANTA A VOZ

25 DE NOVEMBRO E 8 DE MARZO



A comunidade do Ies Castelaο manifestou a súa repulsa ante a violencia de xénero. E tamén falamos de mulleres valentes da nosa familia que poden ser referentes a seguir e de apoderarnos para conseguir unha sociedade xusta e igualitaria verdadeiramente.





PASAZEMPOS

SOPA DE LETRAS E ENCRUCILLADO:

Xela Arias

9 palabras moi simbólicas de Xela Arias




www.educima.com

AMOLAR
INTEMPÉRIOME
POESÍA
VALENTÍN
XERAIS
DARÍO
LEOPARDICIA
SARRIA
VIGO

Xela Arias

12 cousas moi de Xela



Horizontales

- 2 Daquela non era o IES Castelaio, como se chamaba o instituto cando chegou Xela?
- 7 Causar molestia ou fastío.
- 9 Pai de Xela
- 10 Granxa Escola de....
- 11 Ao mudarse a Vigo, en que colexio estudou?

Verticales

- 1 Fillo de Xela
- 3 É unha palabra inventada por Xela cando tiña 8 anos
- 4 Conxunto de técnicas e actividades que se realizan baixo a superficie do mar.
- 5 O lugar onde viviu os seus primeiros anos de vida
- 6 Editorial para a que traballou Xela
- 8 Outra palabra inventada por ela. É o título dun libro seu.

SUDOKU:

1								6
		6		2		7		
7	8	9	4	5	6	1	2	3
			8		7			4
				3				
	9				4	2		1
3	1	2	9	7			4	
6	4	5		1	2		7	8
9	7	8						

A NOSA BIBLIOTECA

Remata un curso especial por tres razóns:

A **primeira** é ben coñecida: a actual situación sanitaria impediu que todo fose como acostuma. Limitación de aforo, distancia interpersoal, uso de xel, corentena para os libros... todo iso impediu acudir á biblioteca coa normalidade habitual, tocar os libros, ler e compartir de preto cos compañeiros, comentar... Todo foi a distancia, virtual maioritariamente.

Aínda así, desenvolvemos bastantes actividades, como se pode ver no resumo que vai abaixo e recolle algunhas delas.

A **segunda**, e marabillosa razón, é que neste curso o alumnado da quenda de adultos se incorporou de cheo á biblioteca non só como usuarios dos seus fondos senón como participantes activos nas súas actividades.

Non sería así -todo hai que dicilo- sen o apoio e o alento impagables dos seus profesores, en especial de Lingua Castelá.

E a **terceira**, non tan marabillosa, é que este curso é o último que contamos na biblioteca coa presenza de Gloria, que se nos vai, para encetar outra etapa que desexamos moi feliz da súa vida. Sen ela, verdadeira artífice directa da incorporación da nosa biblioteca ao Plambe, alá polo

2008, a nosa biblioteca non sería o que é. Botarémola de menos pero sabemos que vai estar aí e que atenderá calquera consulta ou requirimento sempre que o primordial, esa nova vida, quede debidamente atendida.

Parabéns, Gloria, e grazas!

Lecturas na web




DÍA MUNDIAL DA POESÍA
21 de MARZO de 2021

27 DE MARZO
DÍA MUNDIAL DO BGAÑO

Entra na **pagina web** do instituto para **LER** cos compañeiros algúns textos teatrais en galego ou castelán.
Que **PERSONAXE** vas escoller?

ORA DE LER 7 DE ABRIL DE 2021

Concursos



V Concurso de microrelatos ficticios e de terror


"Eran as 21:00..."

Este concurso de relatos ficticios e de terror, organizado polo IES de Pontevedra, está aberto a todos os alumnos de secundaria e bacharelato. O prazo de entrega de relatos é até o día 15 de abril de 2021. Os relatos deben estar escritos en galego ou castelán, con extensión máxima de 500 palabras. O premio consistirá en 100 euros e un diploma de participación. O concurso será organizado polo IES de Pontevedra, en colaboración coa biblioteca municipal de Pontevedra.

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

Enigmas



Concurso: ENIGMA DE SARGADELOS

Este concurso de enigmas está aberto a todos os alumnos de secundaria e bacharelato. O prazo de entrega de respostas é até o día 15 de abril de 2021. Os enigmas deben estar escritos en galego ou castelán, con extensión máxima de 500 palabras. O premio consistirá en 100 euros e un diploma de participación. O concurso será organizado polo IES de Pontevedra, en colaboración coa biblioteca municipal de Pontevedra.

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

30 de marzo: Día da Biblioteca

O ENIGMA DE CASSELLAO

Este concurso de enigmas está aberto a todos os alumnos de secundaria e bacharelato. O prazo de entrega de respostas é até o día 15 de abril de 2021. Os enigmas deben estar escritos en galego ou castelán, con extensión máxima de 500 palabras. O premio consistirá en 100 euros e un diploma de participación. O concurso será organizado polo IES de Pontevedra, en colaboración coa biblioteca municipal de Pontevedra.

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

Exposicións



XELA ARIAS

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Exposicións




2 DE ABRIL

DÍA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL



Concursos




CONCURSO DE ENBOLDO

Serás quen de **contactar** correctamente todas as preguntas?
Se o conseguiches, entrarás no sorteo dun **VALE DE 25 €** para o compra de libros.

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

Tes ata o día **22 de febreiro de 2021**.



Concursos



SOPA DE PALABRAS

Ata o prazo máximo: 15 de abril. Para máis información: ies@iespontevedra.es

24 de febreiro
Día de Rosalía

RUTA ROSALIANA

Ordena as letras para descubrir os nomes da ruta rosaliana:
1. PRAZA DE VIGO a ROSIÑO 2. STEVANSBA a ESTRELLAS
3. ALCORP a TRAMER 4. AZNARITA a VALLERBA
5. BRANDEIRA a PARQUE DE GALEGOLOTRES

Via de Santiago a Padrón
con clonax que era amador,

Exposicións



23 de Abril
Día do Libro



Exposicións







8 de Marzo
Día Internacional da Muller

Sorteos




Sorteos do 1º e 2º trimestre entre os lectores da biblioteca

Concursos

DÍA DA TRADUCCIÓ 2020

Prêmio	Prêmio	Prêmio	Prêmio	Prêmio
1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
100€	50€	25€	10€	5€

Exposicións




Personaxes femininos da historia da literatura

Exposicións





DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Concursos




8 de Marzo
Día Internacional da Muller

Concursos





¿QUE LIBRO RECOMENDAS?
23 de Abril
Día do Libro

HORA DE LER





HORA DE LER
9 DE FEBREIRO DE 2021

Relato gañador do V concurso de microrrelatos fantásticos e de terror.

“Eran as 21:00...”

Na véspera de Samaín, na vila dos meus avós, os veciños do lugar reuníanse e adoitaban contar historias de terror... das que, segundo conta a lenda, unha delas, a máis horripilante, faríase realidade.

Logo de seis ou sete pequenas historias -non moi arrepiantes-, chegou a miña quenda, o meu momento de impor o medo en todas as casas do lugar, ningúnen estaría preparado para soportar a miña historia -que por seguro teño que sería a que se faría realidade-.

Antes de comezar presenteime: “Ola, son Afonso”. Pero parecía que ninguén me respondera... Que estraño.

Non lle dei maior importancia, pois todos estaban en silencio, así que optei por comezar co meu terrorífico conto: “Non eran máis das 21:00 cando...”, empezaba. Neste momento, un lixeiro son esvaecente me interrompe. A escuridade cae de súpeto.

Síntome atrapado por unha mans con longas unllas. Eu estaba sendo arrastrado por esa sombría silueta.

Comecei a ver se de verdade iso estaba a ocorrer, e vexo que o meu corpo empezara a esvaecerse.

Non podía crelo... Ollei o meu reloxo... Marcaba -coma non inicio da miña historia, que acababa de comezar a contar-as 21:00!

Álex Álvarez Studnicka, 2º BACH. A

BIOLIMPIADAS. ENTREVISTA OS PROTAGONISTAS

Este curso 2020-21 non foi unha excepción para convocar as Olimpíadas Estudiantís de Bioloxía. O pasado 5 de febreiro cinco alumnos de 2º de Bacharelato A e B realizaron a proba de nivel autonómico da Olimpíada Española de Bioloxía (OEB).

Os alumnos: Laura Castro, Alba Madera, Daniela da Silva, Laura Fernández e máis Alex Álvarez. Acompañados por Pablo Samartín (Bioloxía) representaron ao IES Castelao na fase galega da proba. Dunha maneira pouco común, pois este tipo de actividades adoitaban ter lugar nas instalacións da Universidade de Vigo, pero que por cuestións sanitarias este ano decretouse facer de maneira telemática, dende a aula de informática do centro.

Lastimosamente, ningún dos nosos alumnos clasificouse para a seguinte fase, pero tal e como nos contarán na entrevista que fixeron co grupo de Dinamización de Lingua Galega do instituto, non lles foi razón de mágoa, todo o contrario, quédanse coa experiencia de seren olímpicos de Bioloxía.

A continuación queda recollida a entrevista que atenderon os olímpicos e mais o profesor Pablo:

1. Tiñades a idea de ir facer a proba á Universidade -como de costume- pero tivestes que facela de forma telemática e dende o instituto. Como vos sentistes?

LC: Ao principio foi coma un baixón, unha decepción, pero á vez nós non tiñamos a experiencia de ir á Universidade, entón tampouco sabíamos ben o que sentía. De todas formas foi unha experiencia excepcional, ao vivirmos nun ano un pouco raro e o desfrutamos da mellor maneira posible. Non nos quitou as ganas de participar.

2. Algo que dicir sobre a dificultade das preguntas? Eran o que pensabades?

D: Algunhas e outras non... Algunhas eran imposibles porque non as sabíamos...

AA: De feito, Pablo nos dixo que había algunhas preguntas que nin eles sabían, e logo outras eran máis sinxelas incluso para a ESO. Entón eran como altibaixos.

3. Contádenos a vosa experiencia en xeral coa olimpiada.

D: Ao principio un pouco con eses nervios, ao non deixarnos entrar, pero ao final todo saíu ben.

AA: Ademais tamén nos contou Pablo que había institutos onde empregaban clases de Bioloxía integramente para preparar o exame e nós non tiñamos nada diso. Notouse nos resultados...

4. Para PABLO: Viviches con nervios o tempo mentres facían o exame?

P: Non tiña nada de nervios, e quería que eles estivesen tranquilos, porque non podían matricularse e tiñamos medo de non poder entrar, causounos confusión. Pero a medida que ían entrando eu sabía que o podían facer ben. Puideron quedar clasificados, ou non... Pero cabía a posibilidade.

5. Tes algo para dicirlles a estes olímpicos?

P: Quero darlles as grazas por participaren, aínda que non gañaran: se non participan non hai olimpíadas... Non todo o mundo pode gañar. E ademais por representar ao noso centro, o IES Castelao foi un dos poucos centros galegos que participaron este ano. Darlles as grazas por intentalo, e ademais sempre lles vai quedar o recordo de seren olímpicos de Bioloxía. Teñen o seu diploma!

6. Recomendádeslles participar ao alumnado en futuras convocatorias?

LC: Claro! O alumnado que queira presentarse á olimpíada, pode facelo. Non importan as circunstancias, se vas á Universidade ou se quedas no instituto. Á fin, é unha experiencia que non vas esquecer na túa vida! Sexa polo diploma ou polo recordo en si.

Dende o equipo de Dinamización dámoslle os nosos parabéns a estes nosos olímpicos e alentamos ao alumnado do centro a que se animen en participar en vindeiras convocatorias das Olimpíadas Estudiantís!



ENTREVISTA □ ESCRITORA ARANTZA PORTABALES

Aproveitando que o luns 22 de marzo, a escritora Arantza Portabales visitounos para compartir a tarde con nós e falar co alumnado de 1º de bacharelato sobre a súa novela *Beleza vermella*, infiltramos ao noso reporteiro Álex Álvarez Studnicka, para que lle fixese unhas preguntas á insigne escritora e aquí está o resultado:

-Con *beleza vermella* asocias o crime coa arte de vangarda, por que esta unión?

-Primeiramente polo vencello de amizade que me une a Celeste Garrido, pero sobre todo porque me gusta mesturar o horror coa beleza. Temos moi asociado o horror coa parte sórdida e eu penso que un punto impactante desta novela é que o horror é fermoso. Tamén é interesante o feito de que nas vangardas é máis importante o que nós pensamos que nos din que o que din realmente eles, iso potencia a nosa imaxinación.

-Como tes obra en castelán e en galego, no caso dos microrrelatos en que lingua os comezas?

-No caso do microrrelato só escribo en castelán porque como me criei no País Vasco o aspecto lingüístico de virme vivir aquí con trece anos e de facer aínda os tres primeiros anos de carreira en Donosti e anos fóra. E para facer microrrelato é moi importante ter un dominio da lingua forte, pero coa novela éme máis doado escribir en galego porque como traballo en galego estou máis afeita a escribir en galego. Mais para min as linguas son un vehículo de comunicación para nada excluíntes e sería estupendo volver a recuperar o nivel de euskera que tiña antes de vir vivir a Galicia.

-Como foi a túa infancia en Donosti e a túa chegada a Galicia?

-Cando vin aquí foi moi traumático, porque antes Galicia estaba máis lonxe do País Vasco en termos de comunicacións e sentín que viña a unha aldea moi grande, e ademais vin a Marín non a Vigo, e en plena adolescencia a un colexio onde non coñecía a ninguén. Despois namorei de Galicia, e decidín que como aquí non se vive en ningún sitio. Temos un ritmo de vida lento, tomamos as cousas cun pragmatismo especial. É un lugar ideal para vivir.

-En que xénero te sentes máis cómoda?

O máis cómodo para min é o relato, sen dúbida e onde me sinto máis cómoda porque non che leva tanto tempo como a novela, aínda que tamén é moi difícil condensar unha historia en dúscenas ou cen palabras. Pero ao final aos lectores o que lles gusta son as novelas, non sei por que, xa que é máis fácil ler un relato de dez ou once páxinas e ler outro dentro duns días, pero a xente segue preferindo a novela.

-Dis admirar a escritores de novela negra ingleses e noruegueses, tamén tes admiración por algún ou algunha escritor ou escritora das nosas letras?

-Gústame moito Diego Ameixeiras e Domingo Villar. O primeiro porque nas súas obra importa máis por que pasou que o que pasou; e no segundo porque é quen de enganchar con ritmo lento.

-Que che gusta máis do contacto coas e cos lectores, como nesta visita ao noso centro?

-O que máis me interesa é cando me descubren aspectos das miñas novelas que eu non percibía. E tamén me gusta saber o que senten cando as len.

MONCHO VS. MONCHO

No mes de marzo tamén entrevistamos a dous benqueridos profes do noso centro a Ramón Nicolás e a Moncho Iglesias. Os dous son escritores ademais de docentes e os dous viaxaron e coñecen o mundo editorial. Por iso decidimos facer un encontro cara a cara para que nos contasen algo máis da súa intimidade, esa parte que non coñecemos tanto, dun xeito retranqueiro. Formulámoslle unha serie de escollas e aquí están as súas preferencias, adiviñaríadelas?

	Ramón Nicolás	Moncho Iglesias
<i>Película favorita?</i>	Paris, Texas	Viridiana
<i>Autor/ora referente?</i>	Moncho Iglesias	Ramón Nicolás
<i>Polbo á feira ou cocido?</i>	Os dous	De Carballiño
<i>Xénero literario favorito?</i>	A novela	A novela bíblica
<i>Tortilla con cebola ou sen ela?</i>	Sen cebola	Sen ovo
<i>Celta ou Dépor?</i>	Celta sempre	Compos... bueno Celta
<i>O libro favorito?</i>	Non podo decidirme por un	A Biblia
<i>Pemento doce ou picante?</i>	Picante	Picante, de Padrón
<i>Praia ou montaña?</i>	Un monte cunha praia	Unha praia con monte
<i>Vacacións ou dar clase?</i>	Homeeeeeee, vacacións	Dar clase en vacacións, sen dubidalo
<i>Rías Altas ou Rías Baixas?</i>	Altas e Baixas, preferiblemente Baixas	Baixas
<i>Viño ou cervexa?</i>	Viño	Viño do Ribeiro, da casa
<i>Deporte favorito?</i>	Docente	Ler
<i>Netflix ou HBO</i>	Netflix, que é a que teño	H que? A primeira
<i>Reggaeton ou verbena?</i>	Reggaeton con verbena	Verbena con reggaeton

◉ NOSO CENTRO É BEN DINÁMICO!

VISITA VIRTUAL □ EXPOSICIÓN "DE NÓS A NÓS"

O departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Castela organizou unha visita virtual á exposición **De nós a nós** en novembro ao que asistiu alumnado de 2º de bacharelato. A visita virtual resultou moi operativa para celebrar o centenario da aparición da revista Nós e o que supuxo para a cultura galega o grupo Nós e, nomeadamente, figuras como Castela, Risco ou Otero Pedrayo.



ACTUACIÓN DE SU GARRIDO POMBO

Co gallo da semana contra a violencia de xénero (23-27 de novembro), visitounos a cantante Su Garrido Pombo, ex-alumna do noso centro. Estivo toda a mañá do luns 23 connosco, primeiro charlando con alumnado de cuarto da ESO e despois nun espectacular concerto no patio cuberto.



O NADAL NO IES CASZELAO

En Nadal puidemos contar co recital do noso compañeiro Moncho Iglesias, que recitou acompañado á guitarra, algúns dos seus poemas sobre Palestina.



ENTROIDO

Este ano de pandemia non puidemos organizar o Entroido que nos gustaría pero aínda así o espírito levámolo por dentro e por fóra e engalanamos o centro tamén.



CHARLAS VIRTUAIS CON ESCRITORAS GALEGAS A TRAVÉS DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO.

Alumnado de 4ºESO e 2ºESO tiveron a oportunidade de escoitar e dialogar coas escritoras: Leticia Costas, Yolanda Castaño e María Reimóndez.



LEMBRANZA A ISAAC DÍAZ PARDO

Ao cumprírense cen anos do seu nacemento, recordamos a Isaac Díaz Pardo (1920 - 2012) e visitamos virtualmente a exposición "As miradas de Isaac" aberta en Santiago de Compostela co alumnado de 4ºESO.



RECITAL DE MÓNICA DE NUT

O 11 de marzo, continuando coa semana de actos conmemorando o 8M, visitounos a cantante Mónica de Nut. O alumnado de 1º de Bach, no concerto, sorprendeuse da súa impresionante voz e de como a modulaba.



ESTREIA DO DOCUMENTARIO "VIGO, 1972"

Este **11 de marzo** tivo lugar a estrea da longametraxe documental *Vigo, 1972* do director **Roi Cagiao**. A seguir, fixemos un **debate-coloquio** onde contamos coa presenza de **Pilar Pérez Rodríguez**, ex-dirixente de **CC.OO.** e o **PCG (Partido Comunista de Galicia)** nas **Empresas Álvarez** e de **Juan Benavides**, ex-dirixente de **CC.OO.** e o **PCG (Partido Comunista de Galicia)** en **Aunanaval**.

Producido por **Arthur Gordon**, *Vigo, 1972*, reconstrúe a que foi a maior folga da historia de Galicia e fito histórico na loita contra a ditadura franquista.



RECITAL POÉTICO DE CINZA ADHESIVA

A mañá do 23 de marzo tivemos o pracer de desfrutar do recital poético ofrecido por **Cinta Adhesiva**. A voz da poetisa **Silvia Penas**, mesturada cos arranxos sonoros de Jesús Andrés, deixáronnos impactadas pola forza expresiva e contundencia das letras.



CONTACONTOS CON PAULA CARBALLEIRA

O pasado venres 26 de marzo, como remate do segundo trimestre, o alumnado de 1º ESO disfrutou da actuación da afamada contacontos **Paula Carballeira**. Esta vez, fíxonos pasar medo e risa a partes iguais. Agardamos poder contar con ela en outras ocasións.



CONCURSO DE ESOPÍAS

Unha **Esopía** é unha poesía que relaciona as cifras do número PI cas rimas ou prosas.

Propúxoselle ó alumnado de 4ºESO e algún grupo de 3º e 2º ESO a participación en crear as súas esopías.

Entregáronse arredor de 50 esopías a cada cal máis enxeñosa, realizouse un concurso e os gañadores son:

- Como a Esopía que máis gustou o Departamento de Matemáticas:

"Cabaliños danzantes " de Uxía Rodríguez Gómez de 4ºESO C

- Como as Esopías con máis votos entre todo o alumnado do centro

- En 4ºESO

"Auras del océano" de Uxía Couñago Calviño de 4ºESO C

"Verano" de Liam Blaney Barbosa de 4ºESO C

- En 3ºESO

" Viaje a Cuba" de Rogert Isaac Abreu Lavandeira de 3º ESO C

- En 2ºESO

"Los acertijos de Álex" de Taixa da Cunha da Silva de 2º ESO E



PARTICIPANTE: 10

TÍTULO: CABALIÑOS DANZANTES

Mar e olas, a marea,
cheísimas de moitas cores tan belas,
fermosos cabaliños mariños danzantes,
que no mar semellan unha estela de corais,
mais non son efémeros, son PI.

CONTACONTOS EN INGLÉS E GALEGO

Este mes de maio os alumnos de cuarto tiveron a oportunidade de disfrutar de novo da actividade de Contacontos en inglés e galego, da man das narradoras Patricia McGill e Charo Pita. escoitamos contos onde a astucia era necesaria para resolvelos e outros onde podía

haber varias
respostas ao
enigma dado.



VISITA AO CINE PARA VER A PELÍCULA CUÑADOS

O alumnado de 4º ESO foi no mes de maio ver a película Cuñados e saíu encantado do cine. Recomendana a quen non foi aínda a vela, pero non imos contar nada do argumento, que logo....



RUZA DO RÍO EIFONSO

O xoves 27 de maio, alumnado de Bioloxía de 1º bacharelato A, B, C e G, acompañados por Pablo Samartín, Javier Rey e Pilar Santos, realizou un tramo da ruta do río Eifonso, un fermoso paseo con bosques autóctonos, muíños e hermidas.



CONCERTO DO GRUPO OS ALICORNIOS, O CONXUNTO DE 2º DE AVANZADO DA ETRAD.

No fin do mes de maio tivemos o pracer de escoitar ao grupo da ETRAD, os Alicornios, que nos tocaron unhas pezas tradicionais adaptadas por eles. O grupo intégrano alumnado da ETRAD de 2º de Avanzado, e nomeadamente Samuel Fernández Torre, ex-alumno do centro, mediante o cal puidemos conseguir esta actuación. Agardamos que se poida repetir en anos sucesivos.



DESPEDIDAS

Este ano vanse despois de moitos anos connosco Roberto e Gloria, dous compañeiros queridísimos. Agardamos de todo corazón que lles vaia moi ben nesta nova etapa, pero que non se esquezan de nós e veñan visitarnos, porque nós a eles sempre os teremos no noso corazón.



ÍNDICE

Letras Galegas 2021 Xela Arias
Letras Galegas no IES Castelao
Ciclo de conferencias e actuacións arredor da
Poliédrica Xela Arias Castaño
O alumnado e Xela Arias Castaño
Creación do Equipo de Dinamización do IES Castelao
Grupo de Folk IES Castelao
Obradoiro de rap e regueifa
Día de Rosalía de Castro
Exposicións
Obradoiro de creación
Creación
Papiroflexia
Levanta a voz
Pasatempos
A nosa biblioteca
Biolimpiadas, entrevista ás protagonistas
Entrevista á escritora Arantza Portabales
Moncho vs Moncho
O noso centro é ben dinámico



AGRADECEMENTOS

Como coordinadora do EDL do IES Castelao quero agradecer a todas as persoas que colaboraron para que esta revista fose posible. Ás persoas que achegaron textos, imaxes, ideas, actividades que mostrar, en fin, ás que fixeron posible un ano máis que se fixese realidade.

Moitas grazas e até o próximo ano.

A coordinadora do EDL

Dulces

O CALVARIO



Lorenzo Castro